REUNIÓN DA COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Aprobación do plan de traballo da Comisión.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017.

Presidenta da Comisión
Paula Prado del Río

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Paula Prado del Río	P

Vicepresidenta

María Dolores Toja Suárez	S

Secretaria

Olalla Rodil Fernández	BNG

Vogais

Marcos Cal Ogando	EM
María Ángeles García Míguez	P
María Luisa Pierres López	S
Noa Presas Bergantiños	BNG
Paula Quinteiro Araújo	EM

Reunión da Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Aprobación do Plan de traballo da Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

PROPOSTA DE PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES

A Mesa da Comisión, reunida o 24 de maio de 2017, aprobou a seguinte proposta de plan de traballo:

ANTECEDENTES:

A Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres é o instrumento institucional para ofrecer solucións aos problemas principais que atinxen ás mulleres en determinados eidos. A avaliación da aplicación da Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero é un deses obxectivos. Este traballo foi comezado no ano 2014 co obxecto de rematar o mesmo nesta X Lexislatura.

1ª FASE: DOCUMENTACIÓN E COMPARECENCIAS.

Encomendar a Administración do Parlamento de Galicia que, á maior brevidade posible, poñan a disposición dos membros da Comisión:

1.- Toda a información reunida na IX lexislatura na Comisión non permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres e, en particular, a seguinte documentación:

-Valoración do Consello de Contas da evolución seguida polos orzamentos que tanto a Administración autonómica como as deputacións provinciais e os concellos destinan á igualdade e a loita contra a violencia de xénero dende o ano 2007 ata o ano 2014.

- Informe e avaliación do programa “Abramos o círculo”

-Informe sobre a contratación e inserción laboral das mulleres que sofren violencia.

- Informe sobre a incidencia da violencia de xénero nas mulleres con discapacidade. Recursos e medios.

- Informe do IGE sobre a recollida de datos e a elaboración de estatísticas sobre a violencia contra as mulleres.

- Informe e avaliación do impacto das campañas para a prevención da violencia contra as mulleres.

- Campañas informativas e de sensibilización sobre violencia de xénero, características e custes.

- Informe do traballo transversal realizado por cada Consellería en materia de Igualdade.

- Informe expedido pola FEGAMP relativo ao número de CIM e casas de acollida existentes en Galicia, así como as memorias de ditos centros.

- Memoria Xudicial de Galicia, da Fiscalía Superior de Galicia e Memoria da Policía Nacional en Galicia relativa á violencia de xénero.

- Memoria Xudicial de Galicia, da Fiscalía Superior de Galicia e Memoria da Policía Nacional en Galicia relativa trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e da explotación sexual en si mesma.

2.- Asemade, poranse a disposición dos membros da Comisión as transcricións literais das seguintes comparecencias substanciadas na Comisión da IX Lexislatura:

-Vicepresidente da Xunta de Galicia

-Director Xeral da CRTVG

-Director Xeral de Xustiza

-Director Xeral de Emerxencias en Interior

-Director Xeral de Planificación e Orzamentos

-Xerente do SERGAS

-Director Xeral de Traballo e Economía Social

-Directora Xeral de Familia e Inclusión

-Director Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa

-Subdirector Xeral de Réxime Xurídico e Xestión de Medios Audiovisuais da Secretaría Xeral de Medios

-Directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia

-Directora do Centro de Recuperación Integral de Santiago

-Representante do Consello da Avogacía Galega

-Representante do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

-Representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia

-Representante do Consello Galego de Colexios Médicos

-Representante do Consello Galego de Enfermería

-Representante do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

-Directora do Centro de Emerxencias para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI).

-Directora do Centro de Información á Muller de Ourense

-Directora do Centro de Información á Muller de Pontevedra

-Directora do Centro de Información á Muller de Vigo

-Directora do Centro de Información á Muller da Coruña

-Representante da Asociación Ve-la Luz.

-Representante da Rede de Mediadoras contra os malos tratos.

-Representante da Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo

-Directora da casa de acollida de A Coruña

-Directora da casa de acollida de Lugo

-Directora da casa de acollida de Culleredo

-Directora da casa de acollida de Ourense

-Directora da casa de acollida de Ferrol.

-Representante da Asociación Clara Campoamor.

-Representante de Fiadeiras, grupo de traballo en igualdade do Colexio de Educación Social de Galicia.

-Representante de FEGAMUR

-Presidenta de FEMURO

-Presidenta de FADEMUR

-Representante da asociación APAIOGA

-Representante da Marcha Mundial das Mulleres.

-Representante da Fundación de Solidariedade Amaranta

-Representante da Asociación Enriqueta Otero.

-Representante do CERMI Galicia

-Representante da Asociación Terapia Familiar e Mediación de Galicia.

-Representante da Asociación para a prevención, resinserción e atención á muller prostituída (APRAMP)

-Representante da ONG Ecos do Sur

-Representante da ONG Oblatas de Ferrol

-Representante da ONG Cáritas Diocesana de Ourense

-Representante da ONG Cáritas Diocesana de Lugo

-Representante da ONG Cáritas Diocesana de Santiago (Vagalume)

-Representante da ONG Faraxa

-Representante da ONG ACCEM

-Representante da ONG Médicos del Mundo-Galicia

-Representante da ONG Aliad Ultreia

3.- Á dita información engadiranse as seguintes comparecencias que figuraban no Plan de Traballo da Comisión da IX lexislatura e que non chegaron a substanciarse:

-Persoa responsable experta en violencia de xénero da Policía Autonómica.

-Persoa responsable experta en violencia de xénero da Policía Nacional.

-Persoa responsable experta en violencia de xénero da Garda civil.

-Delegada do Goberno sobre violencia de xénero.

-Coordinadora Delegación Goberno en Galicia Violencia de Xénero.

-Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

-Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

-Presidenta do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial

-Representante da FEGAMP

-Representantes da área de Muller dos sindicatos máis representativos de Galicia

-Representante da asociación de directores de puntos de encontro

-Representante da ONG Cruz Vermella

Persoas Expertas:

-Raquel Castillejos Manzanares (Universidade de Santiago).

-Purificiación Mayobre Rodríuguez (Universidade de Vigo)

-Marta Lois Rodríguez (Universidade de Santiago).

-Ángela Figueruelo Burrieza (Universidade de Salamanca).

-María Xosé Agra Romero (Universidade de Santiago).

-Mercedes Oliveira Malvar (Universidade de Vigo).

-Belén Martín Lucas(Universidade de Vigo).

-Belén Puñal Rama (Xornalista).

-Pilar López Díaz (Xornalista).

4.- Engadir como novos comparecentes para falar do termo “feminicidio”.

-María Ángeles Carmona (Presidenta do Observatorio de Violencia Doméstica e de Xénero do *Consejo General del Poder Judicial*)

-María Ángeles García Pérez (Avogada especialista en violencia de xénero)

-Fernando Antonio Vázquez-Portomeñe Seijas (Universidade de Santiago de Compostela)

-José Julio Fernández Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela)

-Graciela Atencio (Xornalista e editora, directoria de feminicidio.net)

-María Luisa Soleto Ávila (Abogada, directora da Fundación Mujeres)

-Patsilí Toledo (Universitat Pompeu Fabra)

5.- Pechar o ciclo de comparecencias coa comparecencia da Secretaria Xeral da Igualdade.

2ª FASE Traballo en Ponencia.

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias antes relacionadas, e unha vez constituída, iniciaranse os traballos de elaboración da proposta de ditame en ponencia.

No transcurso dos traballos da ponencia, se fose necesario para elaborar a proposta de ditame, a iniciativa dun Grupo Parlamentario a comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ó obxecto da comisión.

3ª FASE Debate e aprobación da proposta de ditame pola comisión para a súa elevación ao Pleno.

4ª FASE Continuidade da Comisión trala finalización dos traballos sobre o actual obxecto de estudo.

Unha vez aprobado o Ditame, poderase dar por concluído o obxecto de estudo formulado na Comisión non Permanente creada na pasada lexislatura e que se pretende concluír nesta, que fora definido do seguinte xeito no Plan de traballo aprobado no ano 2014: “Facer avaliación da aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero”.

Así, trala aprobación do Ditame relativo a ese obxectivo, a Comisión procederá a adoptar como novo obxecto de estudo o da avaliación da aplicación do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e, en consecuencia, procederá a acordar unha modificación do Plan de Traballo para incorporar as solicitudes de documentación e as propostas de comparecencia axeitadas a ese novo obxecto de estudo.